

8 de marzo. **Pola igualdade real !**

decidindo
POR NÓS MESMAS!



hai alternativa !

www.bng-galiza.com

decidindo **POR NÓS** MESMAS!

hai alternativa!



Neste ano 2010 celebramos o centenario da conmemoración do 8 de Marzo.

Cen anos nos que as mulleres adoptaron esta data, símbolo da reivindicación de igualdade real e loita contra as discriminacións que aínda hoxe persisten. O 8 de marzo é xa centenario, mais a vindicación da igualdade continúa sendo necesaria e actual. Os avances producidos non poden inducirnos a pensar que as desigualdades de xénero están superadas.

Na Galiza as mulleres padecen taxas de paro superiores ás masculinas, unha maior temporalidade e precariedade e perciben un salario inferior polo mesmo traballo. A crise económica non semella o mellor escenario para superar nesta situación e as medidas anunciadas polos Gobernos central e galego non aguran nada positivo. O recorte de dereitos laborais, a destrución de emprego e o retraemento da inversión pública, afectan en maior grao ás mulleres, que padecen unhas condicións máis precarizadas, e constitúen unha barreira para os avances necesarios para acadar unha sociedade realmente igualitaria. A chegada do PP á Xunta de Galiza está a significar un retroceso no desenvolvemento de políticas públicas que supoñan un avance cara unha

sociedade igualitaria. Os exemplos son múltiples. Inicia Feijóo o seu mandato co nomeamento dun goberno que incumpra a paridade (a pesar de ser unha obriga legal); apoian unha iniciativa lexislativa popular, promovida por asociacións antiabortistas, que ten como finalidade limitar o dereito das mulleres a información veraz e independente en relación coa interrupción voluntaria do embarazo. En paralelo, desmantelan os servizos públicos de información as mulleres, limitando a actuación dos **Centros Quérote**, ou eliminando as oficinas de igualdade as **oficinas de I+B** e os **Puntos de Información** ás mulleres. Paralizan as iniciativas para artellar unha rede de servizos sociais públicos (de atención a menores, maiores e dependentes) que se iniciara a través do Consorcio. Aí están as Galescolas ou centros de día construídos e sen abrir, a cancelación da posta en marcha dun servizo de kanguros ou o intento privatizador destes recursos. Servizos básicos para o benestar da poboación, mais que son tamén instrumentos para a igualdade, pois sabemos como incide o desigual reparto destas tarefas.

O pasado 25 de novembro, denunciámos a relaxación do goberno no desenvolvemento das medidas previstas na Lei Galega contra a violencia de xénero.

O 8 de Marzo, temos que lembrarle de novo a Xunta de Galiza a obriga de desenvolver esta lei. A violencia machista é un fenómeno estrutural, presente no día a día de moitas mulleres.

O goberno ten a obriga de reforzar, perfeccionar e mellorar a resposta dos programas. Non é normal que un ano despois, non só non se teña avanzado, senón que sigamos detectando parálise e a tentativa de desmantelar programas impulsados na pasada lexislatura de sensibilización e atención ás vítimas de violencia de xénero. Ante a parálise reclamamos acción. Fronte ao paternalismo, respecto polo dereito a decidir. Urxe un cambio de rumbo e unha aposta real por superar as barreiras que perpetúan a discriminación das mulleres.

Neste 8 de Marzo, desde o BNG reclamamos as seguintes medidas:

1. Elaboración dun Plan Galego de Emprego para as Mulleres que inclúa medidas que favorezan a incorporación das mulleres ao traballo remunerado, que garanta o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai un importante presenza feminina.
2. Paralización do proceso de desmantelamento dos servizos sociais públicos, demandando a provisión con carácter público de novas prazas de escolas infantís, centros de día, prazas residencias e a posta en marcha dun servizo de Kangur@s.
3. Desenvolvemento integro das actuacións previstas na Lei Galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.



bloque nacionalista galego

Comemoramos este ano outra efeméride relevante, **o 125 aniversario da morte de Rosalía de Castro.** Galega universal, defensora da nosa identidade nacional e dos dereitos das mulleres. Recollamos o seu espírito, dignifiquemos a súa memoria, traballando por unha Galiza libre, con mulleres liberadas.

hai alternativa!